

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13425 *Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

A salvagarda da estabilidade orzamentaria supuxo un instrumento imprescindible para lograr a consolidación fiscal que permitiu a España acceder á Unión Económica e Monetaria e foi posteriormente recollida en distintas leis. No mesmo senso, o Pacto de estabilidade e crecemento ten como finalidade previr a aparición dun déficit orzamentario excesivo na zona euro para dar, así, confianza na estabilidade económica e garantir unha converxencia sustentada das economías dos Estados membros.

Neste contexto, a reforma do artigo 135 da Constitución española veu garantir o principio de estabilidade orzamentaria, ao vincular todas as administracións públicas na súa consecución, así como a sustentabilidade económica e social do noso país, ao mesmo tempo que reforzou o compromiso de España coa Unión Europea.

En desenvolvemento do mencionado artigo 135 da Constitución, foi aprobada a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que supuxo un fito fundamental por moitos motivos, entre eles o de reforzar o principio de estabilidade orzamentaria para que teña un valor verdadeiramente estrutural para a economía, e o de incorporar a sustentabilidade financeira como principio reitor da actuación económico-financeira de todas as administracións públicas, tanto do Estado como das comunidades autónomas, corporacións locais e Seguridade Social.

Dous principios, a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira do sector público, elévanse, no noso ordenamento xurídico, a estes fundamentais do crecemento económico e do benestar social.

A sustentabilidade financeira, entendida como capacidade de asumir compromisos de gastos presentes e futuros, encontra o seu inimigo no descontrol da débeda. O aumento desmedido da débeda do sector público canga o crecemento económico, ao comprometer recursos futuros hipotecando ingresos vindeiros.

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, aborda o control do endebedamento limitando o volume da débeda pública, pero o endebedamento do sector público non só se reflicte no volume da súa débeda financeira, senón tamén na súa débeda comercial. Limitar o control do endebedamento á débeda pública financeira é obviar unha das expresións máis relevantes do endebedamento, a débeda comercial. A sustentabilidade financeira non é só o control da débeda pública financeira, senón tamén o control da débeda comercial.

As administracións públicas están obrigadas a pagar en trinta días aos seus provedores. No entanto, a débeda comercial, considerada como o volume de débeda pendente de pagamento aos provedores das administracións públicas, reflicte un notable atraso no pagamento aos provedores, co prexuízo que isto supón tanto para o sector privado como para as administracións públicas. Maior morosidade xera maior débeda comercial, o que a medio prazo pon en risco o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e límites de débeda pública, así como a capacidade de asumir compromisos

de gastos presentes e futuros dentro deses límites. Por tanto, afecta os principios de estabilidade e sustentabilidade.

A morosidade pública atinxe tanto o sector público como o privado. Para o sector privado, xéranse efectos negativos por canto a morosidade das administracións públicas produce custos de transacción e de financiamento para os seus provedores, o que causa un efecto de transmisión da morosidade na cadea de produción, coas conseguíntes perdas de eficiencia e competitividade para o conxunto da economía. Por tanto, o que comeza sendo morosidade pública termina sendo, tamén, morosidade privada.

Para o sector público, os efectos negativos maniféstanse especialmente na afectación da sustentabilidade financeira, pois, ademais do sobrecusto que supón pagar tarde con xuros de demora, xérase un maior compromiso de gasto para un futuro, co seu desprazamento temporal, o que compromete dispor de recursos futuros. Unha maior morosidade xera maior débeda comercial; maior débeda comercial conduce a unha menor sustentabilidade financeira e, por tanto, inestabilidade orzamentaria.

De acordo co exposto, esta reforma amplía o concepto de débeda pública para mellorar a protección de todos os acredores. Estes novos límites ao endebedamento público, como parte esencial do principio de sustentabilidade financeira, teñen o seu fundamento no artigo 135 da Constitución que, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, actúa como límite da autonomía financeira. Non obstante, continúanse a manter algunhas diferenzas entre acredores, pois a prioridade absoluta de pagamento de débeda pública que se prevé no artigo 135.3 da Constitución resulta aplicable, en senso estrito, unicamente á débeda financeira.

Tal e como recolle no seu informe a Comisión para a Reforma das Administracións Públicas, o desafío de controlar a débeda comercial e erradicar a morosidade das administracións públicas exige crear un instrumento automático e de fácil aplicación para que o seu seguimento permita un control xeneralizado e eficaz que sexa comprensible tanto para as administracións públicas como para os cidadáns e, sobre todo, que sexa público. Con este propósito introdúcese o período medio de pagamento como expresión do volume da débeda comercial, de maneira que todas as administracións públicas, en aplicación do principio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pagamento, e avánzase na súa redución mediante un sistema estrutural, progresivo e automático de medidas.

Para lograr estes obxectivos, a lei estrutúrase en dous artigos. O primeiro deles, que consta de dezaseis puntos, modifica a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, para ampliar o concepto do principio de sustentabilidade financeira, que agora tamén inclúe o control da débeda comercial, o que evita pór en risco a medio prazo a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade das finanzas públicas.

Créase a obrigaçión para as administracións públicas de faceren público o seu período medio de pagamento a provedores e xérase así unha ferramenta de seguimento da débeda comercial, de fácil comprensión, que permite seguir a súa evolución. Internamente, as administracións deben incluír nos seus plans de tesouraría información relativa ao pagamento a provedores, de modo que a xestión financeira se compaxine coa protección dos provedores.

Isto complétase con medidas que unilateralmente cada Administración debe aplicar cando detecte períodos medios de pagamento que superen os límites permitidos. Seguidamente, para as comunidades autónomas establécense novas medidas preventivas, correctivas e coercitivas destinadas a garantir que os provedores cobren, e que serán aplicadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, como son a cuantificación no plan de tesouraría de medidas de redución de gasto ou aumento de ingresos que se deben adoptar para reducir o período medio de pagamento a provedores, a determinación do importe dos seus recursos que se debe destinar ao pagamento de provedores ou a posibilidade de reter os recursos dos réximes de financiamento aplicables para que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas pague directamente aos provedores.

Por outra parte, no caso das corporacións locais, establécese que o órgano interventor será o encargado de controlar o cumprimento do período medio de pagamento, e prevese un especial control das corporacións locais comprendidas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Con isto avánzase no protagonismo dos interventores no control da sustentabilidade local en garantía dos provedores.

Cómpre salientar que tamén se inclúen outras modificacións na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, para mellorar o automatismo no seguimento e control do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e a regra de gasto, así como se traspón parcialmente a Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros, incorporando tamén modificacións sobre o principio de responsabilidade e a responsabilidade por incumprimento de normas de dereito da Unión Europea ou de tratados e convenios internacionais de que España sexa parte.

A lei, no seu artigo segundo, modifica a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, establecendo un novo límite, máis flexible, ás retencións ou deducións mensuais que pode realizar o Estado dos recursos do sistema de financiamento, no caso de incumprimento do período medio de pagamento a provedores establecido.

Tamén se introducen diversas disposicións adicionais sobre a publicación do período medio de pagamento aos provedores, medidas de apoio ao acontecemento de excepcional interese público Campionato do Mundo de Vela Olímpica Santander 2014 e control de entidades de administracións públicas non suxeitas a auditoría.

Inclúese unha disposición transitoria nova relativa á aplicación no tempo das normas modificadas do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Por último, introdúcese varias disposicións derradeiras, que se refiren á modificación da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado; á modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante; á modificación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; sobre importacións de produtos de avituallamento nas Illas Canarias que se destinen ao fornecemento de determinados buques e aeronaves; sobre o carácter ordinario de determinadas disposicións; sobre transposición do dereito da Unión Europea; e á entrada en vigor da lei, tanto con carácter xeral, como respecto á modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, e á disposición transitoria que afecta a citada reforma da mencionada lei.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira queda modificada nos seguintes termos:

Un. O artigo 4 queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Principio de sustentabilidade financeira.*

1. As actuacións das administracións públicas e demais suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei estarán suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira.

2. Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme o establecido nesta lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pagamento aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.»

Dous. O número 1 do artigo 8 queda redactado como segue:

«1. As administracións públicas que incumpran as obrigacións contidas nesta lei, así como as que provoquen ou contribúan a producir o incumprimento dos compromisos asumidos por España de acordo coa normativa europea ou as disposicións contidas en tratados ou convenios internacionais de que España sexa parte, asumirán na parte que lles sexa imputable as responsabilidades que de tal incumprimento deriven.

No proceso de asunción de responsabilidade a que se refire o parágrafo anterior garantirase, en todo caso, a audiencia da Administración ou entidade afectada.»

Tres. Incúese un novo número 6 no artigo 13 coa seguinte redacción:

«6. As administracións públicas deberán publicar o seu período medio de pagamento a provedores e dispor dun plan de tesouraría que incluíra, ao menos, información relativa á previsión de pagamento a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade. As administracións públicas velarán pola adecuación do seu ritmo de asunción de compromisos de gasto á execución do plan de tesouraría.

Cando o período medio de pagamento dunha Administración pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesouraría inmediatamente posterior á mencionada publicación, como parte do plan, o seguinte:

a) O importe dos recursos que vai dedicar mensualmente ao pagamento a provedores para poder reducir o seu período medio de pagamento até o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.

b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobramentos e pagamentos que lle permita xerar a tesouraría necesaria para a redución do seu período medio de pagamento a provedores até o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.»

Catro. Modifícanse os números tres, catro e cinco do artigo 17, que quedan redactados nos seguintes termos:

«3. Antes do 15 de abril de cada ano, o ministro de Facenda e Administracións Públicas elevará ao Goberno un primeiro informe sobre o grao de cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e da regra de gasto do exercicio inmediato anterior, así como da evolución real da economía e as desviacións respecto da previsión inicial contida no informe a que se refire o artigo 15.5 desta lei. Este informe elaborárase sobre a base da información que, en aplicación da normativa europea, se deba remitir ás autoridades europeas e, á hora de valorar o cumprimento, terase en conta unha marxe razoable que poida cubrir as variacións respecto do informe mencionado no número seguinte derivadas do calendario de dispoñibilidade dos datos.

4. Antes do 15 de outubro de cada ano, o ministro de Facenda e Administracións Públicas elevará ao Goberno un segundo informe sobre o grao de cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e da regra de gasto do exercicio inmediato anterior, así como da evolución real da economía e as desviacións respecto da previsión inicial contida no informe a que se refire o artigo 15.5 desta lei. Para a elaboración deste informe terase en conta a información que, en aplicación da normativa europea, se deba remitir ás autoridades europeas e a información actualizada remitida polas comunidades autónomas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

O dito informe incluíra tamén unha previsión sobre o grao de cumprimento no exercicio corrente, coherente coa información que se remita á Comisión Europea de acordo coa normativa europea.

5. O ministro de Facenda e Administracións Públicas informará o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e a Comisión Nacional de Administración Local, nos seus ámbitos respectivos de competencia, sobre o grao de cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto.

Os informes a que se refire este artigo publicaranse para xeral coñecemento.»

Cinco. O artigo 18 queda redactado como segue:

«Artigo 18. *Medidas automáticas de prevención.*

1. As administracións públicas farán un seguimento dos datos de execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que, ao feche do exercicio, non se incumpra o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

2. Cando o volume de débeda pública se sitúe por cima do 95 % dos límites establecidos no artigo 13.1 desta lei para cada Administración pública, as únicas operacións de endebedamento permitidas á Administración pública correspondente serán as de tesouraría.

3. Os mecanismos de revalorización e axuste que resulten necesarios para garantir o equilibrio orzamentario e a sustentabilidade financeira do sistema de Seguridade Social estableceranse mediante norma con rango de lei. O Goberno fará un seguimento da aplicación dos mecanismos de revalorización e axuste do sistema de pensións, co fin de velar polo equilibrio orzamentario e a sustentabilidade financeira do sistema de Seguridade Social.

4. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas fará un seguimento do cumprimento dos períodos medios de pagamento a provedores das comunidades autónomas.

Cando o período medio de pagamento aos provedores da comunidade autónoma supere en máis de 30 días o prazo máximo da normativa de morosidade durante dous meses consecutivos, contados desde a actualización do seu plan de tesouraría de acordo co previsto no artigo 13.6, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas formulará unha comunicación de alerta en que indicará o importe que deberá dedicar mensualmente ao pagamento a provedores e as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobramentos e pagamentos, que deberá adoptar de forma que lle permita xerar a tesouraría necesaria para a redución do seu período medio de pagamento a provedores. A comunidade autónoma deberá incluír todo isto no seu plan de tesouraría no mes seguinte a esta comunicación de alerta.

Unha vez que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas realice a comunicación de alerta a que se refire o parágrafo anterior, os seus efectos manteranse até que a comunidade autónoma cumpra o prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade.

5. O órgano interventor da corporación local realizará o seguimento do cumprimento do período medio de pagamento a provedores.

No caso das corporacións locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, cando o órgano interventor detecte que o período medio de pagamento da corporación local supera en máis de 30 días o prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade durante dous meses consecutivos, contados desde a actualización do seu plan de tesouraría de acordo co previsto no artigo 13.6, formulará unha comunicación de alerta, no prazo de quince días desde que o detectase, á Administración que teña atribuída a tutela financeira das corporacións locais e á xunta de goberno da corporación local. A Administración que teña atribuída a tutela

financeira poderá establecer medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobramentos e pagamentos, que a corporación local deberá adoptar de forma que lle permita xerar a tesouraría necesaria para a redución do seu período medio de pagamento a provedores. Cando sexa a comunidade autónoma quen teña atribuída a citada tutela financeira deberá informar daquelas actuacións ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Se, aplicadas as medidas anteriores, persiste a superación en máis de 30 días do prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade, o órgano competente da Administración xeral do Estado, logo de comunicación da comunidade autónoma no caso de que esta exerza a tutela financeira da corporación local, poderá proceder á retención de recursos derivados da participación en tributos do Estado para satisfacer as obrigacións pendentes de pagamento que as corporacións locais teñan cos seus provedores. Para isto, pedirase á corporación local a información necesaria para cuantificar e determinar a parte da débeda comercial que se vai pagar con cargo aos mencionados recursos.»

Seis. O artigo 20 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 20. *Medidas automáticas de corrección.*

1. No suposto de que o Goberno, de acordo cos informes a que se refire o artigo 17 desta lei, constate que existe incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto, todas as operacións de endebedamento da comunidade autónoma incumplidora precisarán de autorización do Estado en canto persista o citado incumprimento. Esta autorización poderá realizarse de forma gradual por tramos e será preceptiva até que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas constate que cumpriu cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto.

Unha vez que o plan económico-financeiro presentado pola comunidade autónoma por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto sexa considerado idóneo polo Consello de Política Fiscal e Financeira, as operacións de crédito a curto prazo que non sexan consideradas financiamento exterior non precisarán de autorización do Estado.

2. Nos supostos de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ou de débeda pública das corporacións locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, todas as operacións de endebedamento a longo prazo da corporación local incumplidora precisarán autorización do Estado ou, se for o caso, da comunidade autónoma que teña atribuída a tutela financeira.

3. Nos supostos de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto, a concesión de subvencións ou a subscrición de convenios por parte da Administración central con comunidades autónomas incumplidoras precisará, con carácter previo á súa concesión ou subscrición, informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

As leis de orzamentos xerais do Estado establecerán os criterios que servirán de base para a emisión do informe regulado neste número, que, en todo caso, deberá ter en conta o grao de execución das medidas que deben ser aplicadas pola comunidade autónoma para corrixir a situación de incumprimento.

4. As medidas previstas nos números anteriores aplicaranse tamén en caso de formulación da advertencia previa prevista no artigo 19 desta lei.

5. Cando o período medio de pagamento aos provedores da comunidade autónoma supere en máis de 30 días o prazo máximo da normativa de morosidade durante dous meses consecutivos, contados desde a actualización do seu plan de

tesouraría de acordo co previsto no artigo 18.4, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas comunicarao á comunidade autónoma indicándolle que a partir dese momento:

a) Todas aquelas modificacións orzamentarias que orixinen un aumento neto do gasto non financeiro da comunidade autónoma e que, de acordo coa normativa autonómica vixente, non se financien con cargo ao fondo de contingencia ou con baixa noutros créditos requirirán a adopción dun acordo de non dispoñibilidade de igual contía, do cal se informará o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con indicación do crédito afectado, a medida de gasto que o sustenta e a modificación orzamentaria orixe dela.

b) Todas as súas operacións de endebedamento a longo prazo precisarán de autorización do Estado. Esta autorización poderá realizarse de forma gradual por tramos.

c) A comunidade autónoma deberá incluír na actualización do seu plan de tesouraría inmediatamente posterior novas medidas para cumprir co prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade.

6. Se, aplicadas as medidas previstas no número 5 anterior, o período medio de pagamento aos provedores da comunidade autónoma supera en máis de 30 días o prazo máximo da normativa de morosidade durante dous meses consecutivos contados desde a actualización do seu plan de tesouraría referido na alínea c) do número 5 anterior, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas iniciará o procedemento de retención dos importes que se deban satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento para pagar directamente aos provedores. Para isto, pedirase á comunidade autónoma a información necesaria para cuantificar e determinar a parte da débeda comercial que se vai pagar con cargo aos mencionados recursos e comunicarse ao Consello de Política Fiscal e Financeira para o seu coñecemento.

7. As medidas previstas nos números 5 e 6 anteriores manteranse até que a comunidade autónoma cumpra co prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade durante seis meses consecutivos.»

Sete. O número 1 do artigo 21 queda redactado como segue:

«1. En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.»

Oito. O artigo 25 queda redactado como segue:

«Artigo 25. *Medidas coercitivas.*

1. En caso de falta de presentación, de falta de aprobación ou de incumprimento do plan económico-financeiro ou do plan de reequilibrio, ou cando o período medio de pagamento aos provedores da comunidade autónoma supere en máis de 30 días o prazo máximo da normativa de morosidade durante dous meses consecutivos contados desde a comunicación prevista no artigo 20.6, a Administración pública responsable deberá:

a) Aprobar, no prazo de 15 días desde que se produza o incumprimento, a non dispoñibilidade de créditos e efectuar a correspondente retención de créditos, que garanta o cumprimento do obxectivo establecido. O dito acordo deberá detallar as medidas de redución de gasto correspondentes e identificar o crédito orzamentario afectado, que non pode ser revogado durante o exercicio orzamentario en que se aprobe ou até a adopción de medidas que garantan o

cumprimento do obxectivo establecido, nin dar lugar a un incremento do gasto rexistrado en contas auxiliares, para o cal esta información será obxecto dun seguimento específico. Así mesmo, cando resulte necesario para dar cumprimento aos compromisos de consolidación fiscal coa Unión Europea, as competencias normativas que se atribúan ás comunidades autónomas en relación cos tributos cedidos pasarán a ser exercidas polo Estado.

b) Constituír, cando o solicite o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, un depósito con xuros no Banco de España equivalente ao 0,2 % do seu produto interior bruto nominal. O depósito será cancelado no momento en que se apliquen as medidas que garantan o cumprimento dos obxectivos.

Se no prazo de 3 meses desde a constitución do depósito non se tiver presentado ou aprobado o plan, ou non se tiveren aplicado as medidas, o depósito non producirá xuros. Se, transcorrido un novo prazo de 3 meses, persistir o incumprimento, poderá acordar que o depósito se converta en multa coercitiva.

2. De non adoptarse algunha das medidas previstas na alínea a) anterior ou en caso de estas resultaren insuficientes, o Goberno poderá acordar o envío, baixo a dirección do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dunha comisión de expertos para valorar a situación económico-orzamentaria da Administración afectada. Esta comisión poderá solicitar, e a Administración correspondente estará obrigada a facilitar, calquera dato, información ou antecedente respecto ás partidas de ingresos ou gastos. A comisión deberá presentar unha proposta de medidas e as súas conclusións faranse públicas nunha semana. As medidas propostas serán de obrigado cumprimento para a Administración incumplidora.»

Nove. Modifícase o artigo 27, que queda redactado como segue:

«Artigo 27. *Instrumentación do principio de transparencia.*

1. Os orzamentos de cada Administración pública acompañaranse da información precisa para relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento calculada conforme as normas do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

2. Antes do 1 de outubro de cada ano, as comunidades autónomas e corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus orzamentos, para efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

3. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá pedir ás comunidades autónomas e ás corporacións locais a información necesaria para garantir o cumprimento das previsións desta lei, así como para atender calquera outro requirimento de información exixido pola normativa comunitaria.

A información fornecida conterá, como mínimo, os seguintes documentos en función do período considerado:

a) Información dos proxectos de orzamentos iniciais ou dos estados financeiros iniciais, con indicación das liñas fundamentais que se prevexan nos citados documentos.

b) Orzamento xeral ou, cando for o caso, estados financeiros iniciais, e contas anuais das comunidades autónomas e corporacións locais.

c) Liquidacións de ingresos e gastos ou, se for o caso, balance e conta de resultados, das corporacións locais nos termos que se desenvolvan regulamentariamente.

d) Liquidacións mensuais de ingresos e gastos das comunidades autónomas.

e) Con carácter non periódico, detalle de todas as corporacións dependentes das comunidades autónomas e corporacións locais incluídas no ámbito de aplicación da lei.

f) Calquera outra información necesaria para calcular a execución orzamentaria en termos de contabilidade nacional.

4. A concreción, procedemento e prazo de remisión da información que deben subministrar as comunidades autónomas e as corporacións locais, así como a documentación que sexa obxecto de publicación para coñecemento xeral, serán obxecto de desenvolvemento por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local, nos seus ámbitos respectivos.

5. Co fin de dar cumprimento ao principio de transparencia e ás obrigacións de publicidade derivadas das disposicións da lei, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá publicar información económico-financiera das administracións públicas co alcance, metodoloxía e periodicidade que se determine conforme os acordos e normas nacionais e as disposicións comunitarias.

6. As administracións públicas e todas as súas entidades e organismos vinculados ou dependentes farán público o seu período medio de pagamento aos provedores nos termos que se establezan por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

7. O incumprimento das obrigacións de transparencia e de subministración de información, tanto no referido aos prazos establecidos como ao correcto contido e á idoneidade dos datos ou ao modo de envío derivadas das disposicións desta lei, poderá levar unida a imposición das medidas previstas no artigo 20.»

Dez. Modifícase o artigo 29, que queda redactado como segue:

«Artigo 29. *Plan orzamentario a medio prazo.*

1. Elaborarase un plan orzamentario a medio prazo que se incluírá no programa de estabilidade, no cal se enmarcará a elaboración dos orzamentos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e de conformidade coa regra de gasto.

2. O plan orzamentario a medio prazo abranguerá un período mínimo de tres anos e conterá, entre outros parámetros:

a) Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto das respectivas administracións públicas.

b) As proxeccións das principais partidas de ingresos e gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.

c) Os principais supostos en que se basean estas proxeccións de ingresos e gastos.

d) Unha avaliación de como as medidas previstas poden afectar a sustentabilidade a longo prazo das finanzas públicas.

3. As proxeccións adoptadas no plan orzamentario a medio prazo basearanse en previsións macroeconómicas e orzamentarias elaboradas conforme as metodoloxías e procedementos establecidos no proceso orzamentario anual.

4. Toda modificación do plan orzamentario a medio prazo ou desviación respecto a el deberá ser explicada.»

Once. Modifícase o artigo 32, que queda redactado como segue:

«Artigo 32. *Destino do superávit orzamentario.*

1. No suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, comunidades autónomas e corporacións locais, a

reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento, se este for inferior ao importe do superávit que se vaia destinar á redución de débeda.

2. No caso da Seguridade Social, o superávit aplicarase prioritariamente ao Fondo de Reserva, coa finalidade de atender as necesidades futuras do sistema.

3. Para efectos do previsto neste artigo, enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas, e por endebedamento, a débeda pública para efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.»

Doce. Incorpóranse tres novos números 7, 8 e 9 na disposición adicional primeira coa seguinte redacción:

«7. A partir da aplicación das medidas previstas no número 5 do artigo 20, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá propor á comunidade autónoma o seu acceso aos mecanismos adicionais de financiamento vixentes. Se, transcorrido un mes desde a proposta formulada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a comunidade autónoma non manifestar de maneira xustificada o seu rexeitamento, entenderase automaticamente incluída no mecanismo adicional de financiamento proposto. A comunidade autónoma soamente poderá xustificar o seu rexeitamento se acredita que pode obter a liquidez e a un prezo menor do que lle proporciona o mecanismo proposto polo Estado.

8. Se, a partir da aplicación do previsto no artigo 18.5, as corporacións locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais persisten no incumprimento do prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá determinar o acceso obrigatorio da corporación local aos mecanismos adicionais de financiamento vixentes.

9. As operacións de crédito que as comunidades autónomas concerten con cargo aos mecanismos adicionais de financiamento cuxas condicións financeiras fosen previamente aprobadas pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos e cuxo prazo non sexa superior a dez anos quedarán exceptuadas da autorización preceptiva do Consello de Ministros, e non lles resultarán de aplicación as restricións previstas no número dous do artigo 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e na disposición transitoria terceira desta lei.

Excepcionalmente, as limitacións de prazo recollidas na disposición transitoria terceira desta lei poderán non ser de aplicación ás operacións de crédito mencionadas no parágrafo anterior cando así o aprecie o Consello de Ministros nas autorizacións de tales operacións.»

Trece. A disposición adicional segunda queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional segunda. *Responsabilidade por incumprimento de normas de dereito da Unión Europea ou de tratados ou de convenios internacionais de que España sexa parte.*

1. As administracións públicas e calquera outra entidade mencionada no número 2 do artigo 2 desta lei que, no exercicio das súas competencias, incumpran obrigacións derivadas de normas do dereito da Unión Europea ou de tratados ou convenios internacionais de que España sexa parte e isto dea lugar a que o Reino de España sexa sancionado polas institucións europeas ou condenado por tribunais internacionais ou por órganos arbitrais, asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que deriven de tal incumprimento, de conformidade co previsto nesta disposición e nas de carácter regulamentario que se diten para o seu desenvolvemento e execución.

2. O Consello de Ministros, logo de audiencia das administracións ou entidades afectadas, será o órgano competente para declarar as responsabilidades previstas nos números anteriores e acordar, se for o caso, a compensación ou retención das ditas débedas coas cantidades que deba transferir o Estado á Administración ou entidade responsable por calquera concepto, orzamentario e non orzamentario. Nesta declaración teranse en conta os feitos e fundamentos contidos na resolución das institucións europeas, dos tribunais internacionais ou dos órganos arbitraris e recolleranse os criterios de imputación tidos en conta para declarar a responsabilidade. O acordo publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

3. Habilitase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o establecido na presente disposición, regulando as especialidades que resulten aplicables ás diferentes administracións públicas e entidades a que se refire o número 1 desta disposición.»

Catorce. Inclúese unha nova disposición adicional quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Prazo de pagamento a provedores.*

As referencias nesta lei ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pagamento a provedores entenderanse feitas ao prazo que, en cada momento, estableza a mencionada normativa vixente e que, no momento de entrada en vigor desta lei, é de trinta días.»

Quince. Inclúese unha nova disposición adicional sexta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Regras especiais para o destino do superávit orzamentario.*

1. Será de aplicación o disposto nos números seguintes desta disposición adicional ás corporacións locais en que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpren ou non superan os límites que fixe a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Presentan no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta lei.

2. No ano 2014, para os efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As corporacións locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se for menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas en 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pagamento con provedores, contabilizadas e aplicadas no feche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na alínea a) anterior, o importe sinalado nela se mantéña con signo positivo e a corporación local opte pola aplicación do disposto na alínea c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento vixentes necesaria para que a corporación local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en tal exercicio 2014.

c) Se, cumprido o previsto nas alíneas a) e b) anteriores, a corporación local tiver un saldo positivo do importe sinalado na alínea a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que, ao longo da vida útil do investimento, este

sexa financeiramente sustentable. Para estes efectos, a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pagamento aos provedores da corporación local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pagamento previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as corporacións locais que no exercicio 2013 cumpran o previsto no número 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no número 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se for menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme as regras contidas no número 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos números dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable para efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante lei de orzamentos xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.»

Dezaseis. Modifícase a disposición derradeira segunda, que queda redactada como segue:

«Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo da lei.*

1. Facúltase o Consello de Ministros, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei, así como para acordar as medidas necesarias para garantir a efectiva implantación das previsións desta lei. En particular, por real decreto do Consello de Ministros desenvolveranse as condicións e o procedemento de retención dos importes que se deban satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas para pagar directamente aos provedores, así como o resto das medidas necesarias para a aplicación do disposto nesta lei en relación coa sustentabilidade da débeda comercial.

2. Para facer efectivo o cumprimento do principio de transparencia, mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional da Administración Local, determinaranse os datos e documentos obxecto de publicación periódica para coñecemento xeral, os prazos para a súa publicación e o modo en que se deban publicar.

3. Por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe do Consello de Política Fiscal e Financeira, desenvolverase a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas conforme criterios homoxéneos e que terá en conta os pagamentos efectuados e as operacións pendentes de pagamento.

4. As normas de elaboración dos orzamentos xerais do Estado, así como dos escenarios orzamentarios plurianuais, serán aprobadas por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

5. As disposicións regulamentarias ditadas pola Administración xeral do Estado en desenvolvemento desta lei que teñan o carácter de básicas indicaranse expresamente.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.*

Incorpórase un novo número 3 na disposición adicional oitava da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Dedución ou retención dos recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.*

3. A dedución ou retención que faga o Estado dos importes satisfeitos por todos os recursos dos réximes de financiamento para satisfacer as obrigacións de pagamento que as comunidades autónomas teñan cos seus provedores, nos supostos previstos no artigo 20 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e que comprenderá os custos asociados á súa xestión, non poderá exceder a diferenza entre o importe previsto no artigo 18.4 da mencionada lei orgánica e o importe que a comunidade autónoma dedícase ao pagamento a provedores para poder reducir o seu período medio de pagamento.»

Disposición adicional primeira. *Publicación do período medio de pagamento.*

Transcorrido un mes desde a entrada en vigor desta lei, todas as administracións públicas e as súas entidades e organismos vinculados ou dependentes publicarán no seu portal web o seu período medio de pagamento a provedores e incluirán no seu plan de tesouraría inmediatamente posterior a tal publicación as medidas de redución do seu período medio de pagamento a provedores para cumprir o prazo máximo de pagamento previsto na normativa sobre morosidade.

Disposición adicional segunda. *Medidas de apoio ao acontecemento de excepcional interese público Campionato do Mundo de Vela Olímpica Santander 2014.*

Con efectos desde o 1 de xullo de 2014 até o 30 de setembro de 2014, o Comité Organizador do Campionato do Mundo de Vela Olímpica Santander 2014, as administracións e entidades que o compoñen, as entidades de dereito privado que, se for o caso, sexan creadas por el para serviren de apoio aos seus fins, as entidades que teñan os dereitos de explotación, organización e dirección do Campionato do Mundo, así como os equipos participantes, estarán exentos da obrigación de pagamento das seguintes taxas e tarifas, en relación coas actividades de preparación, organización e celebración do acontecemento:

I. Taxas estatais.

Taxas do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro:

- Taxa de ocupación.
- Taxa de actividade.
- Taxa do buque (T1).
- Taxa da pasaxe (T2).
- Taxa da mercadoría (T3).
- Taxa da pesca fresca (T4).
- Taxa das embarcacións deportivas e de lecer (T5).
- Taxa por utilización especial da zona de tránsito (T6).

Taxas da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas:

- Canons en relación coa ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo terrestre estatal en virtude dunha concesión ou autorización.
- Taxas como contraprestación de actividades realizadas pola Administración.

Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público estatal.

II. Tarifas por servizos do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro:

- Tarifas por servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias.
- Tarifa fixa de recepción de refugallo xerados por buques.

O Comité Organizador do Campionato do Mundo de Vela Olímpica Santander 2014, as administracións e entidades que o compoñen e as entidades de dereito privado que, se for o caso, sexan creadas por el para serviren de apoio aos seus fins terán dereito aos beneficios en materia de honorarios e aranceis notariais e rexistras previstos para as administracións que o integran.

Disposición adicional terceira. *Control de entidades de administracións públicas non suxeitas a auditoría.*

Nas entidades das administracións públicas non suxeitas a auditoría de contas efectuaranse anualmente os traballos de control precisos para, mediante técnicas de auditoría, verificar a existencia de obrigacións derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos para os cales non se produciu a súa imputación orzamentaria.

A Intervención Xeral da Administración do Estado propondrá a metodoloxía que se utilizará para os citados traballos de control que, en todo caso, será aprobada en cada ámbito polos respectivos órganos de control interno.

Disposición adicional cuarta.

Primeiro. A alínea k) do artigo 48 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, queda coa seguinte redacción:

«Por asuntos particulares, catro días cada ano».

Segundo. A limitación que o número tres do artigo 8 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, establece respecto aos convenios, pactos e acordos para o persoal funcionario e laboral das administracións públicas e os seus organismos e entidades vinculados ou dependentes delas, debe entenderse referida á nova redacción dada ao artigo 48 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, de conformidade co punto primeiro desta disposición.

Disposición transitoria. *Aplicación das modificacións tributarias incluídas na disposición derradeira segunda «Modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante» ás concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desa disposición.*

Ás concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor da disposición derradeira segunda desta lei seranlles de aplicación as modificacións establecidas na dita disposición derradeira nos elementos determinantes da contía das taxas de ocupación e de actividade, exceptuando as modificacións do réxime de bonificacións á cota da taxa de ocupación do artigo 181, introducidas por esa disposición derradeira, que non lles resultarán de aplicación.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.*

O primeiro parágrafo do artigo 53.3 queda redactado nos seguintes termos:

«Nos municipios de gran poboación e nas cidades con estatuto de autonomía o pleno da corporación ou as súas respectivas asembleas poderán asignar ao exercicio exclusivo das funcións previstas na alínea b) do número 1 parte dos funcionarios pertencentes a elas, que terán a consideración de axentes da autoridade, subordinados aos membros dos respectivos corpos de policía local, sen integrárense nas Forzas e Corpos de Seguridade e de maneira que isto non comporte un incremento no número de efectivos nin nos custos de persoal.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.*

Modifícanse os artigos 166, 177, 178, 181, 190 e 214 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, no seguinte senso:

Un. O número 1 do artigo 166 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Co obxecto de que se poida ter en consideración a estrutura de custos de cada autoridade portuaria e garantir o principio de autosuficiencia económico-financeira, nun marco de competencia leal entre portos, cada autoridade portuaria poderá propor no marco do plan de empresa anual tres coeficientes correctores que se aplicarán respectivamente ás contías básicas das taxas do buque (T-1), da pasaxe (T-2) e da mercadoría (T-3), cos seguintes límites:

- a) Os coeficientes correctores propostos non poderán ser superiores a 1,30.
- b) No caso de que algún dos coeficientes correctores propostos sexa menor que a unidade, a rendibilidade media dos tres exercicios inmediatamente anteriores ao ano en que se acorde o plan de empresa, se se tiveren aplicado os novos coeficientes correctores propostos, debe ser positiva.
- c) No caso de que algún dos coeficientes correctores propostos sexa maior que a unidade, a rendibilidade media dos tres exercicios inmediatamente anteriores ao ano en que se acorde o plan de empresa, se se tiveren aplicado os novos coeficientes correctores propostos, non debe ser superior ao obxectivo de rendibilidade anual establecido para o conxunto do sistema portuario.
- d) No caso de que algún dos coeficientes correctores propostos sexa menor que 0,70, a rendibilidade media dos tres exercicios anteriores ao ano en que se acorde o plan de empresa, se se tiveren aplicado os novos coeficientes correctores propostos, non debe ser inferior ao obxectivo de rendibilidade anual establecido para o conxunto do sistema portuario.
- e) A diferenza entre os coeficientes correctores propostos non poderá ser maior que 0,30.

Para estes efectos, entenderase por rendibilidade media dos tres exercicios o cociente de dividir a media dos resultados do exercicio dos tres anos correspondentes, calculados de acordo co disposto na alínea a) do artigo 157 desta lei, pola media dos activos non correntes netos medios dos ditos exercicios, calculados de acordo co disposto na alínea b) do artigo 157 desta lei.

No caso de que, para o exercicio de aplicación dos coeficientes correctores, a Lei de orzamentos xerais do Estado ou outra que, se for o caso, se aprobe para estes efectos introduza revisións nas contías básicas das taxas de utilización, de acordo co previsto nos artigos 202, 210, 217, 229 e 235 desta lei, ou modificacións

dos tipos de gravame da taxa de ocupación establecidos no artigo 176, para os efectos do cálculo da rendibilidade dos tres exercicios inmediatamente anteriores, deberase ter en conta o impacto que sobre os ingresos de tales períodos tivesen as revisións e modificacións citadas.

Non obstante os límites anteriores, as autoridades portuarias que teñan subscrito un convenio de normalización financeira, nos termos previstos no artigo 160.3 desta lei, deberán aplicar, en todo caso, coeficientes correctores superiores á unidade e inferiores a 1,30. Estes coeficientes correctores serán acordados pola autoridade portuaria con Portos do Estado no marco do correspondente plan de empresa.»

Dous. O número 2 do artigo 177 terá a seguinte redacción:

«2. Por medio da Lei de orzamentos xerais do Estado ou outra que, se for o caso, se aprobe para estes efectos, poderase proceder á variación dos valores aprobados cando se xustifique por variacións nos custos ou nas condicións de demanda. Os ditos elementos deberán ser avaliados consoante a eficiencia económica e a boa xestión empresarial, sen considerar en ningún caso os custos asociados á man de obra, os custos financeiros, os gastos xerais ou de estrutura nin o beneficio industrial, cando sexan imputables a decisións das propias empresas ou axentes económicos. As variacións deberán estar adecuadamente xustificadas nunha memoria económica específica para este fin.

A actualización non será aplicable cando, por causas imputables á autoridade portuaria, a valoración dos terreos e das augas do porto non fose revisada sendo procedente de conformidade co disposto no seguinte número deste artigo.

A actualización do valor dos terreos e das augas do porto non afectará as concesións e autorizacións outorgadas, sen prexuízo da actualización da contía da taxa conforme o previsto no artigo seguinte.»

Tres. O número 1 do artigo 178 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A autoridade portuaria reflectirá nas condicións da concesión ou autorización a cota íntegra da taxa.

Por medio da Lei de orzamentos xerais do Estado ou outra que, se for o caso, se aprobe para estes efectos, poderase proceder á variación da cota íntegra da taxa, no que respecta á ocupación de terreos e augas, cando se xustifique por variacións nos custos ou nas condicións de demanda. Tales elementos deberán ser avaliados consoante a eficiencia económica e a boa xestión empresarial, sen considerar en ningún caso os custos asociados á man de obra, os custos financeiros, os gastos xerais ou de estrutura nin o beneficio industrial, cando sexan imputables a decisións das propias empresas ou axentes económicos. As variacións deberán estar adecuadamente xustificadas nunha memoria económica específica para este fin.»

Catro. Modifícase a alínea f) do artigo 181 e engádese unha nova alínea h) nos seguintes termos:

1. A alínea f) do artigo 181 terá a seguinte redacción:

«f) Cando o titular da concesión execute ao seu cargo a obra civil correspondente a infraestruturas, recheos, obras de consolidación e mellora do terreo, superestruturas e instalacións destinadas a usos portuarios, por un prazo de execución mínimo de tres meses e superficie mínima de 1.000 metros cadrados, o importe desta bonificación será do 95 por cento da cota da taxa, aplicada á liquidación correspondente á superficie sobre a cal se realizan as obras e durante o período de execución, até a data de finalización establecida pola autoridade

portuaria ao aprobar o proxecto ou establecida no título concesional, cun máximo de dous anos, de conformidade co seguinte:

- O concesionario deberá solicitalo antes do inicio das obras.
- Na superficie sobre a cal se executen as obras non terá lugar actividade de explotación ningunha pola que o concesionario poida obter beneficio económico.
- As obras deben corresponder a un proxecto aprobado pola autoridade portuaria.
- O concesionario deberá estar ao día nas súas obrigacións concesionais, en especial nas relativas a compromisos de investimento, aboamento de taxas portuarias e, se for o caso, compromisos de política comercial.
- O concesionario non debe acharse en situación de falta de pagamento de taxas, nin ter incoado expediente sancionador ou de caducidade da concesión ou suspensión ou extinción da licenza.
- No suposto de que o proxecto prevexa a execución da obra por fases, cada unha das fases considerárase por separado á hora de aplicar a bonificación.
- No suposto de que o concesionario incumpra algún destes requisitos, a bonificación quedará automaticamente extinguida e o concesionario deberá aboar á autoridade portuaria as cantidades bonificadas máis os xuros correspondentes.»

2. Engádesse unha alínea h) ao artigo 181, que queda redactada da maneira seguinte:

«h) Cando o obxecto da concesión consista nunha terminal de manipulación de mercadorías ou de pasaxeiros e no título concesional se dispoña a realización por parte do concesionario de molles, peiraos flotantes, duques de alba ou outras obras de atracada e amarre, así como obras de dragaxe de primeiro establecemento asociadas con elas, a contía da bonificación será determinada en función do investimento realizado por estes conceptos, de conformidade cos seguintes criterios:

$$b = (Ca \cdot 100) / (Vt \cdot S \cdot t \cdot n) \quad (b \leq 75\%)$$

onde:

b = bonificación (%) arredondada á primeira cifra decimal, aplicable desde o momento de finalización das obras, segundo o prazo aprobado.

Ca = custo das obras establecido pola autoridade portuaria (€), calculado no momento do outorgamento da concesión.

Vt = valor da superficie concesionada para efectos da concesión de dominio público (€/m²) no momento de outorgamento da concesión.

S = superficie concesionada (m²).

t = tipo de gravame anual (%) fixado no outorgamento da concesión.

n = prazo restante da concesión no momento de finalización das obras.

No caso de que se produzan simultaneamente obras de recheo ou de consolidación ou mellora, así como obras de atracada e amarre, a cargo do concesionario, a bonificación será a suma das obtidas de acordo co disposto nas alíneas a) e h) deste artigo, sen que a suma global poida superar o 75 %.

As bonificacións outorgadas non serán de aplicación ás prórrogas que, se for o caso, se poidan outorgar, sen prexuízo das novas bonificacións que, eventualmente, se poidan establecer por novos investimentos por estes mesmos conceptos para as concesións prorrogadas.»

Cinco. O artigo 190 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 190. *Actualización da base impoñible.*

Cando a base impoñible da taxa non se fixe en función da cifra ou do volume de negocio, a través da Lei de orzamentos xerais do Estado ou outra que, se for o caso, se aprobe para estes efectos, poderase proceder á variación do tipo de gravame cando se xustifique por variacións nos custos ou nas condicións de demanda. Tales elementos deberán ser avaliados consoante a eficiencia económica e a boa xestión empresarial, sen considerar en ningún caso os custos asociados á man de obra, os custos financeiros, os gastos xerais ou de estrutura nin o beneficio industrial, cando sexan imputables a decisións das propias empresas ou axentes económicos. As variacións deberán estar adecuadamente xustificadas nunha memoria económica específica para este fin.»

Seis. Modifícase a alínea a) do artigo 214 nos seguintes termos:

«a) Cando se trate de mercadorías e elementos de transporte en operacións exclusivamente de entrada ou saída marítima, a cota íntegra da taxa calcularase de acordo con algún dos seguintes réximes:

1.º Réxime de estimación simplificada: para os vehículos que se transporten como mercadorías e para as mercadorías transportadas nos elementos de transporte que se relacionan a seguir, a cota íntegra será o resultado de aplicar a cada elemento de transporte ou a cada vehículo que se transporte como mercadoría embarcado ou desembarcado a cantidade obtida como produto dos coeficientes indicados na táboa seguinte pola contía básica (M) e polo coeficiente corrector da taxa da mercadoría que corresponda conforme o disposto no artigo 166.

Elemento de transporte tipo cargado ou descargado	Coefficiente
Contedor ≤ 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte de até 6,10 metros)	10,00
Vehículo ríxido, con caixa ou plataforma, de até 6,10 metros	10,00
Contedor > 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte maior de 6,10 metros)	15,00
Semirremolque e remolque	15,00
Vehículo ríxido con caixa ou plataforma maior de 6,10 metros	15,00
Vehículo articulado con caixa ou plataforma de até 16,50 metros de lonxitude total. . .	15,00
Vehículo ríxido con remolque (tren de estrada)	25,00
Vehículos que se transporten como mercadorías:	
Vehículo de até 2.500 kg de peso	0,50
Vehículo de máis de 2.500 kg de peso.	2,00

Aos elementos de transporte que vaian baleiros, exceptuando os vehículos que se transporten como mercadorías, aplicaráselles a cota prevista no punto a).2.º 2.

Este réxime aplicarase por solicitude do suxeito pasivo á totalidade da súa carga transportada en elementos de transporte correspondente a unha mesma operación de embarque ou desembarque, nun mesmo buque.

2.º Réxime por grupos de mercadorías: a cota íntegra da taxa será o resultado de sumar as cantidades que, se for o caso, resulten dos seguintes conceptos:

2.º1 Aplicar a cada tonelada de carga embarcada ou desembarcada a resultante do produto da cota básica (M) polo coeficiente corrector da taxa da mercadoría que corresponda en virtude do artigo 166, e polos coeficientes indicados na táboa seguinte, en función do grupo a que pertenza a mercadoría conforme o establecido no anexo III desta lei:

Grupo de mercadoría	Coefficiente
Primeiro	0,16
Segundo	0,27
Terceiro	0,43
Cuarto	0,72
Quinto	1

2.º2 Aplicar, se for o caso, a cada unidade ou tonelada, embarcada ou desembarcada, de envase, embalaxe, contedor, cisterna ou outro recipiente ou elemento de transporte que teña ou non o carácter de perdido ou efémero e que se utilice para conter as mercadorías no seu transporte, así como aos vehículos, aos remolques e semirremolques, como tales elementos de transporte terrestre, baleiros ou non de mercadorías, a resultante de multiplicar a contía básica (M) polo coeficiente corrector da taxa da mercadoría que corresponda en virtude do artigo 166 e polos coeficientes indicados na táboa seguinte:

Elemento de transporte tipo cargado ou descargado	Coefficiente
Contedor ≤ 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte de até 6,10 metros) (por unidade)	0,90
Vehículo ríxido, con caixa ou plataforma, de até 6,10 metros (por unidade)	0,90
Plataforma de até 6,10 metros (por unidade)	0,90
Contedor > 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte maior de 6,10 metros) (por unidade)	1,80
Semirremolque e remolque (por unidade)	1,80
Vehículo ríxido, con caixa ou plataforma, maior de 6,10 metros (por unidade)	1,80
Vehículo articulado con caixa ou plataforma de até 16,50 metros de lonxitude total (por unidade)	1,80
Plataforma de máis de 6,10 metros (por unidade)	1,80
Cabezas tractoras (por unidade)	0,60
Vehículo ríxido con remolque (tren de estrada) (por unidade)	2,90
Outros non incluídos nos conceptos anteriores (por tonelada)	0,50

2.º3 Cando o elemento de transporte baleiro teña a condición de mercadoría será de aplicación a contía que resulte de aplicar este réxime en función do seu peso e do grupo a que pertenza conforme o establecido no anexo III desta lei, sen que sexa aplicable o réxime de estimación simplificada, salvo no caso dos vehículos que se transporten como mercadoría, aos cales se poderá aplicar o dito réxime de estimación simplificada.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

As alíneas f) e n) do artigo 28 da Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno quedan redactadas nos seguintes termos:

«f) O incumprimento da obrigaón de destinar integramente os ingresos obtidos por cima dos previstos no orzamento á redución do nivel de débeda pública de conformidade co previsto no artigo 12.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e o incumprimento da obrigaón do destino do superávit orzamentario á redución do nivel de endebedamento neto nos termos previstos no artigo 32 e na disposición adicional sexta da citada lei.

n) A non adopción no prazo previsto do acordo de non dispoñibilidade a que se refiren os artigos 20.5.a) e 25 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, así como a

non constitución do depósito previsto no citado artigo 25 da mesma lei, cando así se solicitase.»

Disposición derradeira cuarta. *Importacións de produtos de avituallamento nas illas Canarias que se destinen ao fornecemento de determinados buques e aeronaves.*

Serán admitidas con franquía de dereitos de importación as mercadorías de terceiros países, sempre que estas mercadorías se destinen a operacións exentas do imposto xeral indirecto canario en virtude do disposto no ordinal 6.º do número 1 do artigo 14 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

Tamén, no caso de mercadorías que se encontren dentro do ámbito de aplicación do imposto sobre combustibles derivados do petróleo, serán admitidas con franquía de dereitos de importación as procedentes de terceiros países, sempre que tales mercadorías se destinen a operacións exentas dese imposto en virtude do disposto na alínea a) do artigo 10 da Lei 5/1986, do 28 de xullo, do imposto especial da Comunidade Autónoma de Canarias sobre combustibles derivados do petróleo, para os supostos a que se refiren as alíneas c) e d) do número 2 do artigo 11 da mesma lei.

Disposición derradeira quinta. *Carácter ordinario de determinadas disposicións.*

A disposición adicional terceira (control de entidades de administracións públicas non suxeitas a auditoría); a disposición adicional segunda (medidas de apoio ao acontecemento de excepcional interese público Campionato do Mundo de Vela Olímpica Santander 2014); a disposición adicional cuarta; a disposición derradeira terceira (modificación da Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno); a disposición derradeira cuarta (importacións de produtos de avituallamento nas illas Canarias que se destinen ao fornecemento de determinados buques e aeronaves); a disposición derradeira segunda (modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante) e a disposición transitoria sobre aplicación da modificación do citado texto refundido ás concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desa modificación teñen carácter de lei ordinaria.

Disposición derradeira sexta. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante esta lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, a disposición derradeira segunda, sobre a modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, e a disposición transitoria sobre aplicación da modificación do citado texto refundido ás concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desa modificación, entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 20 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN